

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 9 de agosto de 2019 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidas na Resolución do 9 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para o ano 2019, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.*

Mediante a Resolución do 9 de abril de 2019 que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 80, do 26 de abril, establecéronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para o ano 2019, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do programa Galicia 2014-2020 Feder nun 80 %.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, cando xa rematou o prazo de presentación de solicitudes (27.5.2019), nalgunha das epígrafes o número de solicitantes é inferior ao agardado, mentres que noutras o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintas epígrafes para poder atender todas as solicitudes presentadas.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29 de xaneiro), cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso das enerxías renovables atendendo á totalidade das solicitudes en cada unha das epígrafes da convocatoria.

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o crédito destinado ás subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para o ano 2019, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolve-



mento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, redistribuíndose do seguinte xeito:

**Medida: fomento das actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica e outras tecnoloxías renovables**

Liña de axuda	Destinatarios	Aplicación orzamentaria	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
Biomasa	Administración pública local	09.A2.733A.760.5	775.000,00	-107.000,00	668.000,00
	Empresas e autónomos	09.A2.733A.770.5	620.000,00	-236.000,00	384.000,00
	Entidades sen fins de lucro	09.A2.733A.781.1	155.000,00	193.000,00	348.000,00
Xeotermia	Empresas e autónomos	09.A2.733A.770.6	250.000,00	230.000,00	480.000,00
Aerotermia	Empresas e autónomos	09.A2.733A.770.6	440.000,00	-86.000,00	354.000,00
Solar térmica	Empresas e autónomos	09.A2.733A.770.6	40.000,00	6.000,00	46.000,00
Total			2.280.000,00	0,00	2.280.000,00

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará apertura de prazo para presentar novas solicitudes.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019

Ángel Bernardo Tahoces  
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

